



O servizo “ÉRGUETE” do Concello de Verín, que se oferta dende mañá 1 de outubro, desenrolarase dende inicio de curso escolar ata o remate do mesmo no mes de xuño no CEIP Princesa de España de Verín.

É un programa de conciliación que ten por finalidade que os menores estean atendidos por coidadores profesionais no espazo temporal que transcorre dende que as nais e os pais comezan a súa xornada laboral, ata o comezo do horario escolar por parte dos menores.

Devandita iniciativa persigue a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias dos nenos e nenas adscritos a este centro educativo, xa quen en moitos casos non poderían acudir o seu posto de traballo o non ter outro recurso que poidan cubrir dita necesidade.

As persoas interesadas en inscribirse neste servizo poden facelo na **conserxería da Casa da Xuventude** (Avda. Portugal 11 Bis, Verín).

Máis información: 988414776 – [educadorafamiliar@verin.gal](mailto:educadorafamiliar@verin.gal)